

A ESCOLA DE SISTALLO (1750-1808)

*Isabel Alvarez García
Universidade de Santiago de Compostela*

Introducción

Este artículo forma parte do traballo de investigación tutelado, que co mesmo título se presentou no programa de doutoramento do Departamento de Teoría e Historia da educación (1999-2001). Este traballo foi unha pequena contribución ó estudo das escolas de Fundación tamén chamadas de Obra Pía, tomando como modelo unha escola en concreto, a de Sistallo da que poseemos constancia documental gracias a colección de manuscritos que baixo o título “Fundación y obra pía de Sistallo” posee a Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela. Consta de 5 libros: 1º a dotación da escola de Sistallo: escritura fundacional, 2º Fundación da escola de primeiras letras, unha misión unha lámpara e cera na Parroquial de San Xoan de Sistallo, 3º Libro de entrada de mestres, 4º Libro de saída de caudales. 5º Libro da saída para o cumprimento do establecemento 6º, escritos entre 1750 e 1808.

Do traballo de investigación presentado, seleccionouse o apartado 4, no que se describe a escola de Sistallo, o lugar onde está ubicada, o marco territorial, quen foi o patrón fundador, cales foron os fondos destinados ó seu sostemento, disposición e mobiliario da escola, como se realizaba o nomeamento do mestre, así como as cualidades e condicións que este debía reunir.

Acompáñase o comentario dunha pequena selección documental que corresponde ó libro 3º, o de entrada de mestres.

Marco territorial

San Xoán de Sistallo parroquia do Municipio de Cospeito na Provincia de Lugo, está situada no centro da Terra Cha luguesa, rodeada doutras cinco parroquias as de Rioaveso, Arbol, Vilapene, Cospeito, e Veiga, e cunha extensión aproximada de 8,7 km².

Sobre un primitivo castro desta parroquia de Sistallo aséntase a ermida da Nosa Señora do Monte, aínda que as súas orixes son un tanto confusas, tense constancia de que a comezos do século XVII, existía xa un santuario no que se celebraba a romería das Cruces que autorizou Diego Gonzalez Samaniego bispo da diócesis de Mondoñedo para que rematase a peste que se cebaba na cidade mindoniense. Co paso do tempo, nesta mesma ermida o terceiro domingo de cada mes celebrábase tamén unha feira á que concurrían xentes de todos os lugares da provincia e mesmo tamén peregrinos.

O río Tamoga, que nace na lagoa de Cospeito, percorre Sistallo de norte a sur. Sobre esa lagoa existe, por certo, unha lenda relacionada cos primeiros asentamentos humanos que se estableceron nesta zona: palafitos e cidades lacustres, construcións que permaneceron cubertas polas augas da lagoa tal e como relata o Licenciado Molina na súa *Descripción del Reino de Galicia*: “Deste lago se cuentan cosas tan extrañas que si no les hubiera oído en persona de crédito y de mucha fe no me ocuparía de escribirlo”¹, referíndose a que nas épocas do ano cando baixa o nivel das augas, pódense observar na superficie pedras cortadas, obxectos de ferro labrado e outros artiluxos que atestiguan que alí houbo edificacións e asentamentos.

Durante o século XVIII San Xoán de Sistallo foi unha feligresía suxeita a señorío secular, de xurisdición ordinaria formada por seis cotos. Cada un deles pertencía a un Señor que exercía sobre el a súa xurisdición. No ano 1752, o número de veciños que conformaban a poboación de Sistallo era de 128, según os datos que recolle o Catastro de Ensenada². Destes 128, dous eran fidalgos, un eclesiástico, un mestre de nenos e o resto labradores que baixo a protección do Señor de cada Coto tiñan a obriga de lle prestar vasalaxe pagar a luctuosa e a quinta parte do que recollían anualmente producido nas terras que cultivaban para o Señor. Tamén había familias adicadas a outros oficios ou que simultaneaban cas labores do campo: mesmo mestre, xastre, guarnicioneiro, arrieiros de sal e viño, etc.

O mesmo Catastro de Ensenada, contabiliza no ano 1752 para a parroquia de San Xoan de Sistallo un total de 42 casas, e destaca entre elas o pazo da Familia Verdes Montenegro e a escola, situada cerca do pazo.

O fundador da Escola

O fundador da obra pía de Sistallo foi Fernando Verdes Montenegro, así o certifican os documentos sobre a fundación da Escola de Sistallo, O día 7 de decembro do ano 1741, data do seu testamento, Fernándo Verdes Montenegro, nunha das cláusulas, deixa por escrito e ante notario a súa intención de fundar certas obras pías na Igrexa Parroquial de San Xoán de Sistallo, na que fora bautizado, tal e como recolle o citado documento³:

“Se dotase una lampara, misión perpetua y que para hacer bien a los vecinos de aquel paraxe se fundase en el territorio de la feligresía de Sistallo una escuela de primeras letras para la enseñanza de los hijos de sus vasallos y de los demás de la parroquia y de la inmediata de Villapene”

¹ Molina, Bartolomé Sagrario: *Descripción del Reino de Galicia y de las cosas notables del con las armas y blasones de los linajes de Galicia*. Santiago, Bibliófilos Gallegos, 1949

² Catastro de Ensenada. Provincia de Lugo. 1752. Arquivo Histórico Provincial de Lugo. 2870.10.435-4

³ *Fundación y Obra Pía de Sistallo (San Xoan de Sistallo. Lugo). Documentos relativos a la fundación y Obra Pía de Sistallo por Don Fernando Verdes Montenegro. 1750-1808. 5 v.*

Das orixes da familia Verdes Montenegro téñse constacia xa no século XVI⁴, concretamente e no ano 1535 cando se constitúe o vínculo logo do casamento entre Pedro Sanjurjo Montenegro e Isabel Losada y Quiroga. A liña xenealóxica é continuada polo matrimonio formado por Pedro Verdes y Montenegro, da casa do Pacio en Vilapene, e Catalina Fernández de Andrade. Desta unión naceron dous fillos, Rodrigo e Bartolomé Verdes Montenegro. Bartolomé casou con Juana Montenegro da casa de Rioaveso, sendo o seu fillo Francisco Verdes Montenegro o herdeiro do vínculo. Sabemos del que foi nomeado xuíz de Sistallo e Correxidor da Poboia de Sanabria, porque así o acredita a documentación que o seu fillo Gregorio tivo que presentar para ser admitido como Colexial de Fonseca⁵, na Universidade de Santiago.

Francisco casou con Antonia de Castro Basanta e Baamonde ca que tivo 7 fillos. Ademais de Gregorio, Fernándo Verdes Montenegro, primoxénito da familia era Cavaleiro da Orde de Calatrava, ademais de Secretario do Estado e do Despacho Universal, pertencente ó Consello e Cámara de Indias e Gobernador do Consello de Facenda, foi nomeado por seu pai sucesor e herdeiro do mayorazgo. E foi él o fundador da Obra Pia de Sistallo.

A familia Verdes Montenegro posuía a mediados do século XVIII na aldea de Sistallo, un pazo que Francisco mandara construír, pazo que está considerado como unha das máis fermosas edificacións rurais lucenses. Obra do arquitecto Clemente⁶ Sarela é o exemplo típico do barroco compostelán. O seu estilo recorda outros edificios de Compostela, a Casa do Deán, o Pazo de Bendaña, a Casa do Cavildo realizados polo mesmo arquitecto.

Ubicado nunha finca de 20.000 m² aproximadamente, érguese sobre unha planta cuadrangular, con dous pisos nos que se distribúen as amplias estancias que configuran a vivenda. Construcción sólida de mampostería, reservándose a sillería para o corpo central da fachada, os marcos das ventás e esquinas así como para o escudo da familia que descansa nunha estrutura cilíndrica dándolle un tono maxestuoso ó conxunto da edificación.

Na planta baixa, as cabalarizas, bodega, graneiro e forno. No extremo sur da fachada principal a capela, pequena, case familiar, pese a que ocupa, en altura, as dúas plantas do pazo. Ó piso principal chégase á través dunha fermosa escaleira formada de balaustres e baranda de bloques de pedra de granito, que recorda a da Casa do Deán en Compostela. Logo de subir a escaleira aparecen as distintas dependencias, a cociña cunha lareira de enormes proporcións, oito cuartos, algún deles superan os 100 m²,

⁴ Yebra de Ares, Antonio Benito: *Pazos y señoríos de la Provincia de Lugo*. Diputación de Lugo, 2000. Vol. I. pp. 193-199

⁵ Fraguas Fraguas, Antonio: *Los colegiales de Fonseca*. Santiago, Instituto Padres Sarmiento, 1958

⁶ Vila Jato, M^a Dolores: "Clemente Sarela, arquitecto del Palacio de Sistallo (Lugo)" en *El Museo de Pontevedra*. T. 37 (1983) pp. 303-314

amplios salóns e gabinetes así como o arquivo que garda os documentos relativos ó pazo, as contas e escrituras de particións e a biblioteca que poseía tres incunables que foron subastados en Madrid así como outros exemplares que tamén foron vendidos.

O pazo, na actualidade non e propiedade da familia Verdes Montenegro, foi adquirido e restaurado por Jesús López Rodríguez, o seu actual propietario.

Todo parece indicar que a Familia Verdes Montenegro pertencía á fidalgía xa que reúne todas as características desta clase social que se consolida en Galicia durante o século XVIII. As orixes e formación desta clase social son heteroxéneos, xa que a condición de fidalgo pódena conseguir dende os escudeiros, rexidores urbáns, escribíans e notarios, bispos, membros de algunhas ramas da nobreza, mercaderes e labregos que fixeron fortuna a base de constituir grandes patrimonios a través de obtención de foros, comprar terras ou de facer casamentos matrimoniais de interés e conseguir superar as probas necesarias para acadar a condición de fidalgo.

Esta clase social ademais de ser posuidora de grandes extensións de terra, pretendía ser recoñecida social e politicamente nos círculos do poder. Por esto os que pertencen a ela, intentan obter favores da realeza, alcanzar títulos nobiliarios, postos de importancia na Corte ou na Real Audiencia de Galicia, ser nomeados cavaleiros dalgunha das órdenes relixiosas máis importantes, a de Santiago Calatrava ou San Xoán, etc. Chegando a configurarse como unha verdadeira élite rural poseedora dun “patrimonio inmaterial”⁷ que se pon de manifesto en actos cara a galería como o feito de querer ser enterrados na Capela Mayor da parroquia, mesmo a colocación de escudos nos seus pazos, facer dotación de obras pías, fundación de misas, limosnas ós pobres, etc.

Os fidalgos non residían habitualmente no pazo, era máis ben a súa residencia veraniega ou de descanso, xa que os postos de traballo que tiñan que desempeñar obrigabaos a residir nas cidades ou na corte. Os irmáns de Fernando Verdes Montenegro residen fora de Galicia o mesmo Fernando ten a súa residencia habitual en Madrid. Nesta actitude diferenciadora de clase social é donde hai que situar o xesto, quizais tamén filantrópico por parte de Fernando Verdes de establecer unha misión, e unha escola na parroquia de San Xoan de Sistallo. No libro 2 da colección de manuscritos referentes á Fundación, consta que nin en Sistallo nin nos arredores había escola, que o Sacramento da parroquia estaba sin luz e que moi de tarde en tarde, solía haber unha misión. Esta situación foi o que motivou e “conmoveu” o corazón do fundador e obrigou ó seu testamento a solicitar o perfecto cumprimento da súa santa vontade, xa que según dí o mesmo Fernando: “Este tipo de obras pías son importantes para la deencia del culto divino y salvación de las muchas almas en la comarca de su establecimiento”.

⁷ Saavedra, Pegerto: “Formación, consolidación e influencia social e cultural da fidalguía. S. XVII-XVIII” en *O feito diferencial galego: Galicia fai dous mil anos*. T.I. Historia. pp. 124-156.

Fondos destinados á obra pía

No primeiro documento (Libro 1: Dotación de la Escuela de Sistallo) dise que o día 20 de febreiro de 1750, ante o Secretario do Rey e como testigo Miguel Verdes Montenegro, en virtude de poder real e facultade que lle otorgou o seu irma Fernando Verdes, fíxose unha escritura de fundación dunha obra pía para a ensinanza das primeiras letras e dotación tamén dunha lámpara na feligresía de San Xoán de Sistallo, expresando na mesma escritura que o seu capital sería de 50.000 reais de vellón (r.v.) e que este capital estaba imposto a un censo redimible a un rédito do 3%, como así o certifica a Real Facultade despachada en El Buen Retiro o día 31 de marzo de 1747.

A condesa de Lemos, Andrade e Villalba, Rosa María de Castro, ten por aquel entonces varios censos impostos sobre os seus estados incluído o que ten sobre Sistallo, tendo que cobrar en Valladolid os réditos de todos estes censos. Por esta razón, e dado que para ela esta situación e incomoda solicita do Rey lle permita redimir os censos impostos contra os seus estados e poder subrogar na persoa que lle adiantase o capital para dita redención, reducindo a un só o capital de todos os censo e todo o seu rédito ó 2,5% exceptuando os 50.000 rs. Que servirían de capital para a obra pía ó 3% e ademais pagaríase na vila de Villalba non en Valladolid.

A subrogación faise a favor de Miguel Verdes Montenegro, que deposita en Valladolid 1.060.999 rs. que viña a ser a cantidade que sumaban todos os capitales dos censos máis o importe dos réditos de cada acreedor. O Rey atendendo á solicitude da Condesa de Lemos, acepta estas condicións e expide unha Real Facultade.

A Escola de Sistallo

1.-Disposición e mobiliario.

A casa escola mandouse construír nun lugar cercano a igrexa de Sistallo e do pazo, nun lugar que pertencía ó Mayorazgo do Señor Fernándo Verdes Montenegro. Tal e como recolle a escritura do libro 3: Libro de entrada de maestros, é unha casa “terrena”, feita con catro vigas e un “medianil” de pizarra que separa a cociña da sala que se utiliza como escola. Os cuartos do mestre sitúanse na parte norte da edificación estando toda cuberta de lousa e madeira adornado no extremo sur co escudo da familia Verdes Montenegro realizado en pedra de canteiría.

A casa escola esta composta das seguintes dependencias: na parte sur ten unha ampla sala “*ven capaz*” para o ensinar os nenos, revocada toda ela con cal por fora segundo a moda morisca e por dentro pintada a española; o chan de tablas de castaño sobre vigas de carvallo, ten ademais un faiado tamén de tablas vigas e pontóns de castaño.

Dispón de catro ventás, tres delas rasgadas de bo tamaño con portas, cristais e marcos de madeira. Duas portas una no “medianil” que separa a vivenda do mestre da sala de clase e outra fora na parte sur para que os nenos accedan á escola.

A sala dedicada á clase, ten dúas filas de mesas fixas, para que os nenos poidan escribir clavadas sobre pontóns de castaño nas que caben hasta 40 nenos. Cada unha das mesas leva o seu correspondente banco, un total de seis todos de madeira de abidueiro e Carballo. Logo desta sala, está a cociña co seu forno, pintada de cal ten unha parede que a separa dun lugar reservado para “*recoger algun ganado menor y desaogar la cocina de sus inmundicia.*” O carón do lume da cociña, outra parede a modo de asento que serve tamén como estante para gardar os utensilios da cociña, potas, cántaros, etc.

Ó lado da cociña, o cuarto do mestre, pintado tamén de cal, co chan e o teito de tablas con pontóns de castaño e vigas de carballo, unha ventá con cristais e marcos de madeira e unha porta que comunica ca cociña e outra para entrada. A casa dispón tamén dunha pequena bodega subterránea e dunha pequena finca ó redor de dous ferrados de centeno, pechada por unha parede de seis cuartas de alto.

No ano 1759, ó lado da casa levántase una cabaleriza de dúas brazas por cada lado, diante dela faise un alboio de tres brazas de largo por dúas de ancho para gardalo leite e outros servicios da escola.

O mobiliario da escola consistía en:

- Un lenzo de pintura “fina” de dúas cuartas e media de largo e media vara de ancho cas imaxenes de Xesús, María e Xosé, patróns da escola. Este lenzo enmarcado en madeira atópase colocado encima dunha das ventas da sala “*en el sitio como mas dezente y proporcionado para estable y perpetua existencia*”.
- Unha arca de madeira de castaño con pechadura e chave con capacidade para cinco fanegas, dentro dela catro xarras de barro para gardar o aceite da lámpara da parroquia, que o mestre ten a obriga de manter acesa.
- Unha mesa de madeira de castaño, de dúas cuartas e media de ancho e dúas de largo para o mestre.
- Un estante no que se colocará unha cruz.
- Unha alacena de castaño adornada con bolas e cruz da mesma madeira, sobre pes de madeira de carballo, que serve para gardar:

Ó estandarte de persiana de seda con froes brancas e fondo azul, con fleco todo ó redor, cordóns e borlas de seda. No centro del ten outro lenzo de pintura cas imaxes de Xesús, María e Xosé por unha parte, pola outra a de San Miguel Arcanxel.

Sete tablillas con cordas de vihuela que serven para “*reglar toda suerte de papel a los muchachos que escribe*”.

Unha palmeta de nogal con cordón de seda.

Ó libro en octavo “Verdades eternas” de Rosignoli da Compañía de Xesús.

Outro libro titulado “Aritmética” de Taboada para uso do mestre.

“Jardín florido” de Carabantees y dos más pequeños que contienen la vida de Doña Sancha hermana del Rey D. Fernándo.

Duas novenas de San Miguel Arcánxel en octavo, unha delas en pasta e outra en pergameo.

Unha copia integral da fundación desta Obra Pía en papel branco con pergameo cos estatutos da escola.

Cada un dos maestros que tomaba posesión da escola, tiña a obriga de realizar un inventario de todo o que poseía. O libro 3 da colección “Entrada de Maestros”, recolle os recontos efectuados por os cinco mestres que pasaron pola Escola de Sistollo entre 1751 e 1808.

O inventario realizado en 1751 por Cayetano Seoane, primeiro mestre, aporta menos datos relacionados co mobiliario escolar que os recontos que fan os outros mestres, seguramente se deba a que no momento en que comenza a escola non houberse máis do que se describe no primeiro reconto.

A primeiros de outubro de 1756, Miguel Verdes manda facer un novo reconto; aínda figura como mestre da escola, Cayetano Seoane, pero posiblemente durante estes anos, fórase completando o mibiliario de ahí que este segundo reconto, que ten que facer o mesmo mestre, aporte máis datos.

Os outros inventarios que fan os mestres que se suceden na escola non aportan máis datos significativos, excepto que aumenta considerablemente o número de libros que poseía, sobre todo o número de exemplares do mesmo libro, tal e o caso do libro do Pai Astete, do que se adquiriron en 1776 25 docenas e 28 catecismos do Pai Rosales, cando estaba de mestre Gregorio Arias y Seoane.

O mesmo mestre, dí no reconto que realiza ó tomar posesión do seu posto, o mal estado en que se atopan os oito bancos que tiña a escola (no primeiro reconto había 6) e o último mestre, que toma posesión en 1806, José Anido, segue facendo fincapé no mal estado das mesas e bancos da escola.

2.- Estatutos ou “establecimientos”

O mesmo libro 3, enumera as condicións que ten que observar a Fundación, un total de 16 “establecimientos y leyes que se han de observar imbiolablemente”.

1º: De la naturaleza e Patronato desta Fundación

Esta Fundación, baixo o amparo e a devoción de Xesús, María e Xosé, será de natureza laica e temporal, suxeita só ó sucesor da Casa de Sistollo, que será o seu patrón, visitador e celador de que se cumpran todas estas regras. Non pode intervir no seu

gobierno, nin a xurisdición eclesiástica nin en quen delegue, xa que o fundador tivo presente as normas establecidas no Concilio de Trento: “*la justa libertad que en este punto deja a los fundadores el santo Concilio de Trento*”.

2º: *Nombramiento do mestre e “calidades” que debe ter*

Será o patrono quen elixa perpetuamente a persoa que exercerá de mestre de primeiras letras e que desempeñe ademais o resto das obrigas que se poñe ó seu cargo: “*deberá buscar persona instruída en doctrina christiana, en quantas y formación de buena letra, dotado de costumbres y talento correspondiente desembarazado de otros oficios que pueda impedir el entero desempeño y cumplimiento de las cargas impuestas*”. O posto de mestre será incompatible co de administrador do mayorazgo aínda que non co de xuíz ou tenente que nomea o patrono para o exercicio da xurisdicción daquel coto.

Se non houbera seglar para desenvolver o oficio de mestre, e tan só en caso de necesidade, poderá ser nomeado algún cura.

3º : *Da escola franca.*

O mestre ten a obriga de vivir na casa da escola e ensinar nela durante todo o ano mañá e tarde, exceptuando os meses de xullo, agosto e setembro, a doutrina cristiá, a leer escribir e contar a todos os nenos que queiran asistir sen lles cobrar nada.

4º : *Lámpara.*

Será tamén obriga do mestre, ter accesa sempre, e á súa costa, a lámpara do Sacramento.

5º: *Cera branca.*

Cada ano, o mestre, deberá entregar a parroquia, sete libras de cera branca de forma que seis se repartan en velas para as misas dos días festivos. A outra libra de cera reparitase en dúas velas para colocar na igrexa os xoves e o venres santo.

6º: *Arca das tres chaves e libros de entrada e saída.*

Co fin de gardar o caudal pertencente a obra pía, o patrono mandou facer un arcón de madeira que deberá estar na casa grande. As chaves deste arcón deberá telas o párroco, o mestre e unha persoa da parroquia, de confianza, elixida polo patrono. Nese arcón estarán os libros de entrada e saída dos fondos destinados á obra pía.

7º: *Dotación e “reposto”.*

A dotación será de 50.000 rs. impostos a censo do 3%. Esta cantidade non deberá ser utilizada ata que se cobren os 3.000 rs. correspondentes ós réditos dos dous primeiros anos e cada ano sucesivo, se separen desta cantidade un total de 200 rs.

8º: Cobranza da renda e salario do mestre.

O mestre terá a obriga de cobrar a renda anual da obra pía e gardar no arcón, que para este fin mandou facer o patrono, os 200 rs. Para cobrar o seu salario deberá presentar unha certificación firmada polo patrono ou o seu administrador. Desta forma percibirá 1.300 rs. e ingresará os 200 rs. restantes. De cada ingreso que faga, o patrono deberá ter puntual información.

9º: Fianza

Antes da toma de posesión, o mestre presentará unha fianza pola que “*se obliga con su persona y vienes muebles y raíces havidos y por haver*” para seguridade do cumprimento das súas obrigas e recibirá así mesmo, o inventario no que se describirá a casa escola e se enumerarán os obxectos de que dispón, co fin de que figure todo tal como o percibira no caso de que cese no seu oficio.

O mestre deberá facerse cargo de todos os gastos relacionados cas posibles reparacións dos desperfectos da casa que se poidan producir, quedando a criterio do patrono que cousas serán reparada a súa costa.

10º: Sustitución do mestre.

“Siendo el culto divino y la enseñanza pública el fin único de esta fundación” os mestres non poden abandonala nin convertila no seu negocio particular. Será o patrono o que con absoluta liberdade, cesará ó mestre e nomeará ó seu sustituto, sen que o mestre cesado, poida interpoñer recurso algún. Non poderá ser nomeado mestre se non firma primeiro esta disposición.

11º: Provisión de vacante.

En tanto non se efectúe a substitución, a persoa que actúe como interino e para que non se lle grave ca fianza, é preferible que cese a ensinanza ata que seña cuberta a vacante. Se a vacante se produce por morte do mestre, e si éste tivera familia vivindo con él, quedará a criterio do patrono darlle o tempo necesario para poder desocupala vivenda, nomeando o antes posible un novo mestre.

12º: Redencións e novas imposicións.

O patrono terá a obriga de que a dotación da obra pía, 50.000 rs. así como a cantidade que está depositada no arcón, se poña no depósito que ofrezca máis seguridade e de que se emplee en fincas “*que parezcan mas utiles y permanentes*” Para o que deberá recurrir a “*persona de letras y otras experimentadas en el paraxe en donde deba emplearse el capital*”.

O capital acumulado, non se empregará, sin deixar alomenos 3.000 rs de reserva, para reparacións ou adiantalo soldo do mestre, se fora necesario.

13º: Providencia no caso de que aumente a renda.

Si a renda aumenta, e chegase a alcanzar a cantidade de 2.000 rs. o patrono poderá investir ata 200 rs cada ano na adquisición de libros de doutrina cristiá, atender ós necesitados ou destinar unha pequena cantidade anual de 12 a 15 rs. para aumento do soldo dos que están en posesión das chaves do arcón, é decir o mestre, o administrador e a persona da parroquia que merezca a súa confianza, como recoñecemento do celo e adicación ó seu traballo.

14º: Salve e devocións.

O mestre deberá cumprir ca obriga de ir cos nenos en procesión un sábado de cada mes, cantando e rezando a letanía ou o rosario, dende a escola ata a capela da casa grande, en donde cantarán unha salve a Virxe do Carme *“por el fundador y felicidad espiritual y temporal de los patronos sus sucesores y vienhechores de esta obra pia”*.

Os nenos, han de axudar nas misas, porque a parroquia está perto da escola e tamén deberán visitar o Sacrament *“con el fin de inclinarlos a la piedad, desviarlos de los vicios y aprender así la doctrina cristiana y la enseñen en sus casas”*

15º: Sobre o hospedaxe dos misioneiros.

O Colexio da Compañía de Xesús de Santiago de Compostela, deberá facer unha misión cada catro anos durante 15 días, así se acordou entre o patrono e a Compañía de Xesús que cobrou por este encargo 26.000 rs.

Os membros da Compañía de Xesús que veñan a facer a misión deberán hospedar-se na casa do mestre, na parte donde da clase o mestre ainda que seña necesario suspender as actividades escolares durante o tempo que dure a misión.

16º: Preferencia da lámpara e outras providencias para o caso en que se produxe “aminoración da renda”.

No caso de que no se manteñan o capital e os réditos da obra pía ou se produza unha quiebra, declarase que o mestre *“pueda llevar intereses de todos los concurrentes a la escuela, según la nezesidad de su trabajo, empezando por los vecinos de las feligresías forasteras antes de los vezinos de Sistallo, vasayos y colonos de casas pertenecientes al mayorazgo de la casa grande”*.

Será o patrono o que decida se é necesario reducir o salario do mestre, según as circunstancias que poidan concurrir. Aínda que o mestre non perciba todo o seu soldo deberá manter a vivenda en bo estado e cuidar de todos os obxectos e pertenzas da mesma.

Miguel Verdes Montenegro, patrono da obra pía, comprométese a cumprir co goberno de todo o relacionado ca fundación, á inversión máis ventaxosa do capital con que está dotada, distribuír o seu crédito, buscar as persoas axeitadas para depositar as

chaves da arca de caudales, nombrar e substituír ó mestre, fixar a data na que se levará á práctica todo o disposto na fundación así como poñer en práctica o contido destes 16 “establecementos”.

Xunto con estes 16 establecementos ou estatutos, no libro 2 “Fundación de la escuela de primeras letras, una misión y una lámpara y cera en la parroquial de San Juan de Sistallo”, figuran outros documentos relativos a redención e subrogación dos censos solicita pola Condessa de Lemos, así como unha copia da carta de pago do censo, a licenzia que otorga o Prepósito Xeral da Compañía de Xesús, para que se realice a misión.

O acordo tomado entre a Compañía de Xesús e o patrono da obra pía materialízase de xeito que a primeira misión faráse no ano 1749, a segunda no 1753 e así cada catro anos e perpetuamente. A misión terá lugar en San Xoan de Sistallo, en calqueira mes do ano a excepción de xullo, agosto, setembro e outubro; tamén, se fora necesario, parte da misión faráse no Santuario da Nosa Señora do Monte.

3.- Nomeamento do mestre.

O libro 2 establecemento 2º, sinala que é o patrono sucesor da casa grande de Sistallo o que nomeará ó mestre en todas as vacantes que se produzan e buscará “*persona instruida en doctrina cristiana en quantas y formación de buena letra, dotadas de costumbres y talento correspondientes*”.

Comenza o libro terceiro da colección documental ca copia de fianza que presenta o primeiro mestre, Cayetano de Seoane, veciño da cidade de Mondoñedo residente en Sistallo, que presenta como fianza, bienes mobles e raíces e se compromete a cumprir como mestre ca ensinanza dos nenos, ter encendida perpetuamente é á súa costa a lámpara da parroquia, entregar na fábrica de cera as sete libras e poñer na arca os 200 rs. así como cumprir co resto dos establecementos que contén o libro 2.

Neste documento figura tamén o Título de mestre, posesión e recibo de todo o mobiliario do que dispón a escola e a casa do mestre, así como o papel de obrigación que acredita o engadido que se fai, a cavaleriza concretamente, pegada á casa escola. Cada vez que un novo mestre toma posesión do seu cargo deberá presentar toda esa documentación, é dicir: a copia da fianza, o título de mestre que lle otorga o patrono, tomará posesión da escola, e presentará o reconto ou inventario.

Será Miguel Verdes, irmá de Fernando Verdes, fundador da obra pía, quen expide a primeira carta de título de mestre na persoa de Cayetano de Seoane o día 10 de agosto de 1751, facendo constar nela que Cayetano reúne na súa persoa as condicións necesarias para desempeñar o seu posto de mestre: “*De talento cristiandad experiencia y prendas en cuyo celo y conducta se afianza en practica para que sirva de exemplo digno de perpe-*

tuarse en todos sus subcesores... nezarios para el caval desempeño de este importante encargo". Miguel Verdes, manda que tan pronto se firma esta carta de título, e se faga saber ós párrocos dos arredores, comenzará a enseñanza o primeiro día do mes de outubro de 1751.

Este documento non informa, por exemplo da idade do mestre, pero no Catastro de Ensenada (1754), figura Cayetano de Seoane como mestre de Sistallo, con 36 anos, solteiro e que vive ca súa irmá. O segundo mestre, Gregorio Arias de Seoane, veciño tamén desta feligresía, toma posesión o 18 de decembro de 1776, é decir 22 anos despois. O documento di que toma posesión, cando morre Cayetano, o primeiro mestre. A fiadora del será a súa nai, María Angela Balboa, porque aínda que está habilitado para contratar, é menor de 25 anos. O seguinte mestre, José Arias y Seoane, irmá do anterior, asume o posto de mestre no ano 1787. Por último será José Anido, natural tamen de Sistallo quen será nomeado mestre o día 29 de decembro de 1806. José Anido é o último mestre reseñado nos documentos, recórdese que os libros datan de 1752 e a última data e 1808.

Dos cinco mestres que impartiron clase na escola de Sistallo, a colección documental non aporta datos relativos a súa formación, se tiñan ou non algún título oficial, tampouco permite saber que métodos empregaban na docencia, nin como se distribuía a xornada escolar, excepto que se impartía clase mañá e tarde durante todo o ano exceptuando os meses de xullo agosto e setembro para que os rapaces se dedicaran os traballos do campo propios desta época do ano.

Como xa se explicou, cada mestre que era nomeado polo patrón tiña a obriga de facer un inventario. Cada un deles vai deixando constancia do que figura na casa e na escola, así como os posibles arreglos que se fixeron. Entre outros sabemos que en 1759 Fernándo Verdes, acude á casa grande de Sistallo para recuperarse de unha enfermidade que debía padecer, e logo de examinar como iba o goberno da obra pía decide investir 987 rs. na ampliación da casa escola, dotandoa de unha cabaleriza porque considera que *"la casa escuela es uno de los maiores allicientes para encontrarse digno maestro"*.

Manda impoñer un censo, un total de 200 ducados a un rédito de 3% (2.200 rs) do diñeiro que había na arca da obra pía e así aumentar a renda da mesma, rédito que percibe o mestre dende outubro de 1756.

Co mesmo fin, impon novamente a censo outros 200 ducados de remanente, de forma que o seu rédito se divida a partes iguais entre o mestre e a persoa que no nome do patrono tivera outra das chaves da arca, que regularmente será o maiordomo da Casa Grande, si ben será o mestre o encargado de cobrar integramente o rédito e o maiordomo non solicitará a parte correspondente ata que o mestre non ingresara os 200 rs.

Confirma tamén que o caudal que ten que haber na arca na data en que fai estas declaracións, deberá ser de 540 rs. e se irá aumentando cos 200 rs. que o mestre ingresará cada ano.

O diñeiro que hai na arca é, según Fernando Verdes, cantidade suficiente par acometer calqueira reparación da casa escola, sempre e cando o mestre *“practique como debe los reparos menores manteniéndola sin goteras, limpia sin cargar los cielos rasos con pretexto alguno y cuidando asi mismo de no maltratar ni quemar el pavimento o suelos de madera teniendo igualmente presente la necesidad de la limpieza de entradas y salidas como de casa dedicada a la enseñanza publica y no a la labranza ni a la negociación”*.

Por último, aclara o patrono cal será o destiño da cera, para non quede duda algunha ó respecto. Será obriga do mestre poñer duas velas de cera branca en todas as misas que se celebren na parroquia de Sistallo, ata donde alcance a cantidade de cera (seis libras e media) preferindo, no caso de que non sexa suficiente a cera, as misas que se imparten os días festivos, excepto as que correspondan a fundacións particulares. Poderáñse poñer tamén cando se celebre o enterro de algún pobre de selemnidade, e no caso de que sobrase, no monumento do Xoves Santo.

Considera Miguel Verdes Montenegro que estas seis advertencias co paso dos anos, deberán replantearse, desexando que logo da súa morte, ésta obra pía dure lo que *“quisieren que dure los dueños de la casa, sus perpetuos patronos contentandome con acordarles lo 1º el servicio grande que haran a Nuestro Señor en promover una obra de tanta gloria suia y provecho publico y de las almas y lo 2º la honra y conceniencias que esta cassa debe al ilustrisimo fundador y la confianza hecha por su ilustrisima de sus sucesores para el desempeño de este patronato no dudando que heredando con ella la piedad del fundador solicitaran eficazmente reconocidos la permanencia de esta digna memoria suia”*.

Logo do ano 1808 temos constancia de que a escola seguiu funcionando. Madoz no seu dicionario⁸, que foi publicado 90 anos despois da data da fundación da escola, di que en Cospeito non hai escolas públicas, somentes unha en Sistallo, de fundación, unha en Muimenta, temporal e pouco dotada e outra igual en Pino, fundada tamén por Fernándo Verdes.

⁸ Madoz, Pascual: *Diccionario geográfico estadístico histórico de España y sus posesiones de ultramar*. Madrid: establecimiento tipográfico Madoz, 1845-1850

Copia

De la descripción de la Escuelapia de S. Juan de Sisallo, y del nuevo reguento de sus Alhajas últimamente mandado hazer p. el señor Patrono de ella, cuyo original firmado del Sr. D. Joseph Vexdes, Montencoro, dueño, y Sr. de la Casa grande de Sisallo, y de Carjetano de Vegane Carrual Maestro de dha Escuela, existe con el Libro, y mas papeles conducentes, en el Arca de ella.

Descripción de la Escuelapia de primeras Letras de esta felixesia de San Juan de Sisallo mandada hazer el Sr. D. D. Fernando Vexdes Montencoro Cav.º del Aviso de Calatrava, del Consejo de Indias, Presidente de la Real Audiencia de Sevilla, y del Desp.º universal, áora difunto, vecino que fue de la Villa de Madrid, y natural de esta felixesia; y de los Alhajas verdaderos de todas sus Alhajas que presente tiene, hecho por mi Carjetano de Vegane Carrual Maestro titular de ella, q. como tal al presente se maneja, y cumple con sus encargos, con la asistencia del Sr. D. Joseph Vexdes

Monasterio, y Gayoso, tambien Cav.^{do} del D^{no} de
 Santiago, y Colegial en el mayor de D^{no} de la C^{id}.
 de Salamanca, hijo del Sr. Tomás de Oca, y como tal Oca
 no, y C. de la Casa grande de Cristallo, su T^{no}.
 y Mayorazgo, residente al presente en ella, en su
 de Carta orden del Sr. D^{no} Miguel Vences, Monje
 negro, á sí mismo Cav.^{do} del D^{no} de Sant^o del Cons.
 de S. M. en el Real de las Ords. vecino á la Plaza
 de Madrid, á qual Patrono de la Real Academia
 Española: Cuya descripción, é inventario, con la ma^o
 en individualidad, cohaz en el modo siguiente:-----
 Compónese esta d^{ca} Escuela en una Casa laica, con qu^{atro}
 bisas de Ámbar, con el medianil de bronce, con su
 Quatro al través, al parte del norte, todo terreno, y
 Cubiertos de Lora y Madera, á doxada con las Armas
 del Sr. Fundador en piedra de Canten apuestas al me
 dio día, Vista junto á la Parroquia de esta felixesid^{ad}
 de San Juan de Cristallo; la qual está repartida
 en estas Estancias. Al medio día tiene una pieza
 grande, y bien capaz p. la Enseñanza p. delos Niños,
 Resaca de Calz. á fuera á la moda Mexicana, y por
 á dentro á la Española, con cupiso de tablas de Castaño
 sobre vigas de noble, muy cerca de la tierra, y un fanado
 nuevo tambien de tabla, vigas, y Pontones de Castaño.
 Quatro ventanas para dar luz, las tres de ellas vagga
 das, y de buen tamaño, con sus pueras, y bidriexas en
 Marco de Madera, defendidas por la parte de á fuera
 con Redecillas de Árambre en bastidores de Hierro
 Clabados; y la otra pequeña sin bidrios á poniente, á ni
 mismo con su pueras de Madera: Dos pueras, una en
 átho medianil, para la comunicacion de toda la Casa,

Jla otra ázē ala Calle ál Levante del sol para la En-
 trada comun ala nomina dapiēza de Escuela, la
 qual tiene dos Ordenes de Mueb. fijas, e Inmubles
 Clavadas sobre pontones, uno, y otro de Castaño, para
 Escrivir, en que caben ásta Cuarenta Muchachos
 consus seis bancos Masos en q. se sientan, todos de
 Madera de Ubrañil, y Noble. Nuevos. — Despues vesí-
 que la otra piēza que sirve de Cocina consu Orno,
 todo cercado de Cal álo Morisco, solamente por la
 parte de áfuera, y por ádentro tiene hecho un pedazo
 de pared que divide el Ogar de un apartado q. haze
 para Neceser algún Ganado menor, y de avaxox la Co-
 cina de sus un mundicias: Junto ala lumbrē de trapa-
 res hecha contal disposicion, q. sirve de ácientos, y pone
 Ollas, y Cantaros con água. — Sepado ala Cocina, ala p.
 del Levante está el precitado Quarto, el qual por consi-
 guiente se halla dado de Cal en la mesma conformi-
 que la piēza princip. de Escuela, collado, y fangado con
 tabla y pontones de Castaño, y fijas de Noble: tiene su
 ventana con dos vidrios á la parte del Oriente: una pue-
 ta correspondiente ala Cocina, y otra ala Calle ázē ál
 medio dia. Dentro de este Quarto ay dos Apoyentos
 cerrados de Madera consus pueñas, y en cada uno su
 Cama, y banquillo pequeño del mismo; y una Bodega
 subterramea, sin ma. pueñas q. una p. donde se va
 á ella desde dho Quarto. — Itallave pedado á dha Casa
 q. Quarto por la p. del Norte un pedazo de terraxos, en
 que está la puerta, y un pedacito de Cocina, q. una y otra
 llevan de sembradura dos cerrados de Terreno, por
 mas ó menos, y todo está cercado de pared de seis

quartas de alto avra topaz en la nominada Casa, q.
 es el Estado en que se halla, y quanto se despoñea en
 esta Descuption de la nominada Escuela, en la qual
 ay, y tiene por sus propias, q. como tales deven y
 han de existir en ella perpetuam. asta q. el tiempo
 las consuma, y con el se acaven las Alhufas, y
 Gras Vigüentes

Requerro. Primeramente un Lienzo de Pintura fina con las ima-
 genes de Jesus, Maria, y Joseph Patronos de dha
 Escuela, q. tiene dos Quartas, y media de largo, y me-
 dia vara de ancho, puesto en un marco de palo, con
 su media caña, sobredorado, el q. se halla colocado
 encima de la Ventana del medio dia de dha pieza p.
 de Escuela, en una Caja, o Nicho con sus puertas
 todo de Madera, clavado, y asegurado en el Sitio
 como mas dezente, y proporcionado para estables
 perpetua Consistencia

Una Ataca nueva de Madera de Castaño con su
 Contraduxa y llave, de porte cinco fanegas, por como ome-
 no, y dentro de ella quatro farros de varas bidriada
 por dentro, q. la una llevara diez quaxillos de dho
 y seis onzas, y las tres restantes, media arrova
 cada una por como omeno, en las quales se guarda
 el Aceite p. la Lampara de esta Parroquia, á sus
 Cargos de los Niños. con su gobierno, y suatimiento,
 con lo mas q. expresa la fundacion

Tien una Mesa rasa en q. escrive en los Niños en el
 tiempo q. ay Escuela, con sus q. pies, todo de Madera
 de Castaño, la q. tiene dos quartas y media de ancho
 y alomas de dos varas de largo, con sus dos bancos
 de Madera

Más un Estante hecho amodo de Atiquilla, con
su Cobertura todo de Madera de Castaño, puesto
sobre dos Canchales de Roble, metidos y asegurados
en la pared de la pieza de Escuela, levantado del
piso dos varas, y quaxta poco menos, el qual sirve
para guardar la Cruz y Astil del estandarte
de la misma Escuela. -----

Más una Alazena nueva tambien de Madera de
Castaño, con su Tornate, bolas, y Cruz de lo mismo, co-
locada en la pieza principal sobre dos pies de Roble
vajo, la qual tiene tres divisiones, con sus pueras,
visagras, Tiradores, cerrajas, y llaves correspondi.
En esta Alazena se hallan tambien como propias
de la referida Escuela, las Alhajas siguientes. ---
Un Estandarte de Perisiana de Seda con flores blancas
y fondo Azul, con su fleco todo al derredor, Cordones
y bolas todo tambien de Seda correspondi. En medio
de este Estandarte está otro lienzo de pintura fina
con las mismas imagenes p. un aparce de Jesus
Maria, y Joseph, y por la otra la de S. Miguel Arcan-
gel, todo nuevo: cuya Asta de palo plateado con su
Cruz de metal vernizada de plomo, y Tornate de lo
mismo se halla guardada en otra Escuela, en el
Estante, o Atiquilla q. b. a. imbuenteada. ---
N. O. siete tablillas con sus Cuerdas de Bihuela, las
quales sirven para alegrar de todas suertes. El
papel á los Muchachos, que Escriben. ---
Más una palmeta de Nopal con su Cordón de Seda,
y un par de Disciplinas de Hilodepita con cabos de Poro. ---

Un Libro en Octavo: verdades eternas: Compuesto
 por el P.^o Rosionali de la Compañia de Jesus —
 Otro Libro en octavo intitulado Arithmetica de
 Tavaoda: p.^a el uso de los M^{os} — — — — —
 Otro pequeño: Jardin florido; de Caxabantes — — —
 Mas otros dos Libros pequeños, en octavo el uno, y el otro
 en quarto nuevos, y empergaminaados, como lo son
 y estan lo mas que han xrecontados, los qual es
 conziene la vida de la venerable D.^a Camcha
 hermana del santo Rey D.^o Fernando — — — — —
 Dos Novenas de S.^o Miguel Arcangel en Octavo
 la una de ellas empasta, y la otra sin pergamino —
 Una Copia intercal empapel blanco con pergamino, de la
 fundacion de esta Escuelapia, con todos sus Estable-
 cimientos para instruirse p.^a ella los M^{os}. de la
 obligacion en que se hallan constituydos como tales —
 Otra Copia empapel blanco sin authorizar de la a^ore
 dacion de r.^{ta} que ha hecho a esta Escuela, otro señor
 D.^o Miguel deades, con las nuevas cargas que
 contiene, la qual se halla dentro del pergamino de la
 fundacion, p.^a la intelic.^a de los referidos Maestros —
 Estos son los vienes, y Alhasas que tiene, y deves
 existir, y permanecer perpetuamente, y a^otrag
 con el tiempo se acabari en esta Escuelapia como
 suyas propias segun va dicho, de los quales por lo mismo
 deves dar cuenta siempre, quando cese en el em-
 ples de tal Maestro que covenzo, o me sea mandado
 por el Sr. Patrono que es, o fuere, en conform.^a de la
 obligacion judicial que tengo hecho al tiempo de mi
 entrada, y poses.^o que se me ha dado de esta Casa

Y Exercicio, como de ella resulta, quedando como
 queda, en fuerza, validacion, ni efecto alguno
 el Requeño que entonces se hizo de quanto havia
 en esta precitada Escuela, p.^a haver dado despues
 dho. Sr. C. M. D. V. de Vexes, como tal Patrono, y he
 cho de dho. Sr. ja expensas de sus ^{ria} muchas cosas
 Alhajas aqui embentaxeadas, como el Puerto,
 Cajado, y Melcos de q. va hecho mencion, y
 Entendido q. para estas vivieron en parte
 las q. antes havia, como de ellas se reconoce: En
 virtud de todo lo qual, para entrar en el Acta
 de dha. Escuela pia, con los mas documentos, y pa
 peles a ella pertenec^{tes}. lo firmamos en la Casa
 Grande de S. Esteban, fecha en la Ciudad de Mexico
 a primero de Octubre, año de mill setecientos
 cinquenta y seis. D. Joseph Vexes de
 Montenegro — Carjetano de Seoane —